


Que é Calendula?

Caléndula é unha app para a plataforma móbil Android. Proporciona unha nova canle de acceso a información actualizada sobre os tratamentos prescritos dende o SERGAS, e un conxunto de ferramentas que lle permiten seguielos dun xeito sinxelo.

Algunhas das súas características máis importantes son:


- Inicio seguro mediante Chave365.
- Acceso á folla de medicación activa.
- Acceso ó plan de dispensación.
- Recordatorios de medicación.
- Busca de medicamentos e acceso a prospectos.



Acceso a Caléndula

Para acceder a Caléndula é preciso contar cunha conta de Chave365 e estar dado de alta na plataforma e-Saúde do SERGAS.

- O inicio de sesión en Caléndula realízase de xeito seguro a través da pasarela e-Saúde **empregando o nivel de seguridade alto**, é dicir, o **DNI** e o **contrasinal persoal** de Chave365.
- Toda a información sobre o sistema de acceso Chave365 e a plataforma e-Saúde está dispoñible nas seguintes ligazóns:
 - <https://sede.xunta.gal/tramites-e-servizos/chave365>
 - https://esaude.sergas.es/EPACI_sso/epaciente/signup




Caléndula, a primeira vista

A vista inicial de Caléndula permite acceder ás funcionalidades máis importantes da aplicación mediante un sinxelo menú de solapas.

1. Axenda coas tomas de medicación pendentes.
2. Información da folla de medicación activa.
3. Recordatorios de medicación.
4. Caixón de medicamentos.
5. Rutinas persoais.


No menú lateral esquerdo atoparemos máis opcións que nos permitirán personalizar Caléndula (idioma, frecuencia dos recordatorios, etc.).



Folla de Medicación Activa

Dende Caléndula é posible consultar a información de medicación activa do paciente. A solapa coa icona do SERGAS ofrece:


- Un listado cos tratamentos prescritos, os seus períodos de validez e a pauta indicada polo SERGAS, no caso de habela.
- **Información detallada** de doses e horarios, se están dispoñibles, e o **calendario de dispensación** do medicamento na farmacia.
- Creación de recordatorios a partir da pauta oficial.



Recordatorios de medicación (I)

Caléndula permite a creación de recordatorios asociados á pauta oficial proporcionada polos médicos do SERGAS.


- O editor de recordatorios permite definir avisos de toma de medicación segundo a pauta oficial, se esta información está dispoñible.
- Ás veces é preciso que o usuario axuste a pauta proposta. Cando un medicamento debe tomarse cada 6 horas, por exemplo, é o paciente o que indica a hora da primeira toma. Caléndula indicarlle en todo momento se a pauta se corresponde coa oficial.



Recordatorios de medicación (II)

Caléndula tamén ofrece a posibilidade de crear recordatorios de xeito manual, non asociados a unha prescrición oficial


- O editor de recordatorios incorporado permite facelo de forma sinxela indicando o medicamento, os horarios e doses.
- As pautas oficiais aparecen sinaladas co logo do SERGAS para evitar confusións.
- Se o usuario fixo un cambio nalgunha pauta respecto da súa versión oficial, esta aparecerá en cor laranxa, indicándoo.



Recordatorios de medicación (III)

No momento adecuado, Caléndula avisará ó usuario de que é hora de tomar a súa medicación


- A partir dos recordatorios creados, Caléndula notifica ó usuario cando é hora de tomar algún medicamento.
- É preciso confirmar as tomas realizadas. En caso contrario, Caléndula continuará avisando.
- As tomas relativas a pautas oficiais aparecen sinaladas co logo SERGAS e acompañadas de instrucións e indicacións de toma con comidas, no caso de estar dispoñible esta información.



Caixón de medicamentos

O caixón de medicamentos representa o conxunto de medicamentos que o paciente ten dispoñible

- Os medicamentos da folla de medicación do SERGAS inclúense de xeito automático no caixón de medicamentos e non poden ser eliminados.
- O usuario pode engadir novos medicamentos mediante as diferentes opcións que ofrece Caléndula (por nome, código nacional ou código de barras).
- Caléndula permite acceder a información de carácter xeral sobre un determinado medicamento, como o seu prospecto, avisos relativos a efectos sobre a conducción, etc.



Rutinas persoais

As rutinas representan hábitos do usuario ós que xeralmente se vincula a toma de medicación (comidas, por exemplo).

- Unha rutina é unha etiqueta asociada a unha hora do día que facilita a creación e a visualización de recordatorios.
- As comidas inclúense por defecto como rutinas e, aínda que poden modificarse, non poden ser eliminadas.
- Ó modificar unha rutina (cambiando a hora do almorzo, por exemplo), actualízanse tódolos recordatorios vinculados á mesma, sen ter que ir facéndoo un por un.